

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	Terra de Trasancos	Narón	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3013	Instalacións eléctricas e domóticas	2024/2025	10	296	355

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	HÉCTOR FILGUEIRAS SÁNCHEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

No currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Electricidade e Electrónicade establécese que:

As persoas con esta titulación exercen a súa actividade por conta allea en empresas de montaxe e mantemento de instalacións electrotécnicas de edificios, vivendas, oficinas, locais comerciais e industriais, con supervisión de nivel superior e baixo a regulación do Regulamento Electrotécnico de baixa Tensión e da Normativa das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións.

A programación didáctica vai ter en conta o contexto onde se enmarca o módulo a impartir xunto coas características propias da etapa e da área. A ubicación do centro no que se imparte este ciclo fai posible que tamén procedan algúns alumnos de entornos rurais ou semirurais.

O IES Terra de Trasancos está integrado nunha vila cunhas actividades económicas na zoa marcadas pola industria naval e o sector servizos.

A maioría das empresas nesta área son pymes, polo que sobre esta base, a programación do módulo de Instalaciones eléctricas e domóticas presentada neste documento busca acadar os resultados de aprendizaxe do currículo correspondentes ós requerimientos establecidos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Equipamentos e ferramentas eléctricas.	Conceptos de instalacións, simboloxía, equipos eléctricos e uso de ferramentas.	30	10
2	Canalizacións eléctricas.	Tipos e montaxe de tubos e canalizacións.	25	10
3	Normas de seguridade e prevención ambiental	Normas de prevención de riscos laborales nas instalación eléctrica e domóticas	20	20
4	Montaxe de instalacións eléctricas	Técnicas de montaxe dos elementos dunha instalación eléctrica segundo o plano da instalación.	125	20
5	Montaxe de instalacións domóticas	Características e montaxe dos elementos empregados nas instalacións domóticas	100	20
6	Mantemento de instalacións eléctricas e domóticas.	Manexo de equipos de medida, avarías e técnicas de mantemento.	40	15
7	Iniciativa emprendedora en instalacións eléctricas.	Capacidade asociadas á iniciativa emprendedora	15	5

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Equipamentos e ferramentas eléctricas.	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos, os equipamentos e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de instalacións eléctricas de edificios, en relación coa súa función na instalación	NO
RA4 - Instala mecanismos e elementos das instalacións eléctricas e/ou domóticas, identificando os seus compoñentes e as súas aplicacións	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as canles protectoras, os tubos, as bandexas, os accesorios e os soportes de fixación segundo o seu uso na instalación (encaixado, de superficie, etc)
CA1.2 Identifícanse os tipos de cables segundo a súa aplicación nas instalacións eléctricas
CA1.3 Identifícanse caixas, rexistros e mecanismos (interruptores, conmutadores, tomas de corrente, etc.) segundo a súa función
CA1.4 Identifícanse as formas de colocación de caixas e rexistros (encaixadas ou de superficie)
CA1.5 Identifícanse as luminarias e os accesorios segundo o tipo (fluorescente, halóxeno, LED, etc.), en relación co espazo onde se vaian colocar
CA1.7 Consultáronse catálogos técnicos
CA4.1 Identifícanse os mecanismos e os elementos das instalacións
CA4.2 Identifícanse as principais funcións dos mecanismos e dos elementos (interruptores, conmutadores, sensores, etc.)

4.1.e) Contidos

Contidos
Elementos das instalacións de enlace: esquemas.
Graos de electrificación en vivendas: esquemas tipo.
Instalacións con bañeiras ou duchas. Características especiais
Elementos da instalación eléctrica: cadro de distribución, elementos de mando e protección, tubos e canalizacións, caixas, cables eléctricos, elementos de manobra e de conexión, etc.
Dispositivos de protección contra contactos directos e indirectos.
Posta a terra en instalacións de baixa tensión en edificios.
Sensores, actuadores e equipamentos de control utilizados en instalacións domóticas básicas: tipos e características.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Canalizacións eléctricas.	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos, os equipamentos e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de instalacións eléctricas de edificios, en relación coa súa función na instalación	NO
RA2 - Monta canalizacións, soportes e caixas nunha instalación eléctrica de baixa tensión e/ou domótica, tendo en conta a implantación e o trazado da instalación	NO
RA3 - Tende o cableamento entre equipamentos e elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domóticas, aplicando técnicas de acordo coa tipoloxía dos cables e coas características da instalación	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Consultáronse catálogos técnicos

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as ferramentas empregadas segundo o tipo (tubos de PVC, metálicos, etc.)
CA2.2 Identifícaronse as técnicas e os elementos empregados na unión de tubos e canalizacións
CA3.1 Identifícaronse as características principais dos cables (sección, illamento, número de polos, agrupamento, cor, etc.)
CA3.2 Identifícaronse os tipos de agrupación de cables segundo a súa aplicación na instalación (cables monofío, cables multifío, mangas, barras, etc.)
CA3.3 Relacionáronse as cores dos cables coa súa aplicación, de acordo co código correspondente
CA3.4 Identifícaronse os tipos de guías pasacables máis habituais

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Instalacións tipo: características, circuitos, planos e esquemas.</p> <p>Tipos de canalizacións (tubos metálicos e non metálicos, canles, bandexas, soportes, etc): características.</p> <p>Técnicas de montaxe dos sistemas de instalación: encaixada, en superficie ou aérea. Tradeadura segundo os tipos de superficie. Fixacións: tipos e características. Ferramentas.</p> <p>Características e tipos de cables (sección, illamento, número de polos, agrupamento e cor).</p> <p>Técnicas de instalación e tendido do cableamento. Guías pasacables: tipos e características. Precaucións.</p> <p>Separación de circuitos.</p> <p>Identificación e etiquetaxe.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Normas de seguridade e prevención ambiental	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos, os equipamentos e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de instalacións eléctricas de edificios, en relación coa súa función na instalación	NO
RA2 - Monta canalizacións, soportes e caixas nunha instalación eléctrica de baixa tensión e/ou doméstica, tendo en conta a implantación e o trazado da instalación	NO
RA3 - Tende o cableamento entre equipamentos e elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domésticas, aplicando técnicas de acordo coa tipoloxía dos cables e coas características da instalación	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica
CA2.8 Respectáronse os tempos estipulados para a montaxe e aplicáronse as normas específicas do regulamento eléctrico na realización das actividades
CA2.9 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA2.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas e mantívose unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA3.7 Operouse coas ferramentas e cos materiais coa calidade e a seguridade requiridas
CA3.8 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA3.9 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA3.10 Amosouse unha actitude responsable e de interese pola mellora do proceso

4.3.e) Contidos

Contidos
Seguridade nas instalacións.
Medios e equipamentos de seguridade. Prevención de accidentes. Riscos en instalacións eléctricas de baixa tensión. Riscos en altura.
Medidas de seguridade e protección.

Contidos
Medidas de seguridade e protección

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Montaxe de instalacións eléctricas	125

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos, os equipamentos e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de instalacións eléctricas de edificios, en relación coa súa función na instalación	NO
RA2 - Monta canalizacións, soportes e caixas nunha instalación eléctrica de baixa tensión e/ou domótica, tendo en conta a implantación e o trazado da instalación	NO
RA3 - Tende o cableamento entre equipamentos e elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domóticas, aplicando técnicas de acordo coa tipoloxía dos cables e coas características da instalación	NO
RA4 - Instala mecanismos e elementos das instalacións eléctricas e/ou domóticas, identificando os seus compoñentes e as súas aplicacións	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Asociáronse as ferramentas e os equipamentos básicos utilizados na montaxe e no mantemento coas operacións que se vaian realizar
CA1.9 Axustouse o aprovisionamento do material, as ferramentas e o equipamento ao ritmo da intervención
CA1.10 Transmítiuse a información con claridade, de xeito ordenado e estruturado
CA1.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica
CA2.3 Realizouse a curvaxe de tubos
CA2.4 Realizouse a suxeición de tubos e canalizacións (mediante tacos e parafusos, abrazadeiras, grampas e fixacións químicas, etc.)

Criterios de avaliación
CA2.5 Marcouse a situación das canalizacións e das caixas
CA2.6 Preparáronse os espazos destinados á colocación de caixas e canalizacións
CA2.7 Montáronse os cadros eléctricos e os elementos de sistemas automáticos e domóticos de acordo cos esquemas das instalacións e indicacións dadas
CA3.5 Realizouse o tendido de cables utilizando a guía adecuada
CA3.6 Preparáronse os cables tendidos para a súa conexión deixando unha lonxitude de cable adicional, e etiquetáronse
CA4.3 Ensabláronse os elementos formados por un conxunto de pezas
CA4.5 Preparáronse os terminais de conexión segundo o seu tipo
CA4.6 Conectáronse os cables cos mecanismos e cos aparellos eléctricos, asegurando un bo contacto eléctrico e a correspondencia entre o cable e o terminal do aparello ou mecanismo
CA4.7 Operouse coas ferramentas e cos materiais coa calidade e a seguridade requiridas
CA4.8 Colocáronse embelecedores e tapas nos casos requiridos
CA4.9 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA4.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Instalacións tipo: características, circuitos, planos e esquemas.</p> <p>Dispositivos de protección contra contactos directos e indirectos.</p> <p>Preparación, mecanizado e execución de cadros ou armarios, canalizacións, cables, terminais, empalmes e conexións. Medios e equipamentos</p> <p>Técnicas de montaxe de elementos de protección (fusibles, interruptor de control de potencia, interruptor diferencial e interruptores magnetotérmicos).</p> <p>Técnicas de instalación e fixación sobre raíl. Conexión de aparellos de manobra (interruptores, conmutadores, premedores, etc.).</p>

Contidos
Técnicas de instalación, fixación e conexión de tomas de corrente.
Técnicas de instalación, fixación e conexión de receptores eléctricos (luminarias, motores, timbres, etc).

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Montaxe de instalacións domóticas	100

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos, os equipamentos e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de instalacións eléctricas de edificios, en relación coa súa función na instalación	NO
RA2 - Monta canalizacións, soportes e caixas nunha instalación eléctrica de baixa tensión e/ou domótica, tendo en conta a implantación e o trazado da instalación	NO
RA3 - Tende o cableamento entre equipamentos e elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domóticas, aplicando técnicas de acordo coa tipoloxía dos cables e coas características da instalación	NO
RA4 - Instala mecanismos e elementos das instalacións eléctricas e/ou domóticas, identificando os seus compoñentes e as súas aplicacións	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Identifícanse a nivel básico os sensores, actuadores, equipamentos de control e elementos típicos utilizados nas instalacións domóticas, en relación coa súa función e coas súas características principais
CA1.8 Asociáronse as ferramentas e os equipamentos básicos utilizados na montaxe e no mantemento coas operacións que se vaian realizar
CA1.9 Axustouse o aprovisionamento do material, as ferramentas e o equipamento ao ritmo da intervención
CA1.10 Transmítiuse a información con claridade, de xeito ordenado e estruturado
CA1.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica
CA2.7 Montáronse os cadros eléctricos e os elementos de sistemas automáticos e domóticos de acordo cos esquemas das instalacións e indicacións dadas

Criterios de avaliación
CA3.5 Realizouse o tendido de cables utilizando a guía adecuada
CA3.6 Preparáronse os cables tendidos para a súa conexión deixando unha lonxitude de cable adicional, e etiquetáronse
CA4.1 Identificáronse os mecanismos e os elementos das instalacións
CA4.3 Ensabláronse os elementos formados por un conxunto de pezas
CA4.4 Colocáronse e fixéronse mecanismos, actuadores e sensores no seu lugar
CA4.5 Preparáronse os terminais de conexión segundo o seu tipo
CA4.6 Conectáronse os cables cos mecanismos e cos aparellos eléctricos, asegurando un bo contacto eléctrico e a correspondencia entre o cable e o terminal do aparello ou mecanismo
CA4.7 Operouse coas ferramentas e cos materiais coa calidade e a seguridade requiridas
CA4.8 Colocáronse embelecedores e tapas nos casos requiridos
CA4.9 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA4.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica

4.5.e) Contidos

Contidos
Instalacións tipo: características, circuitos, planos e esquemas.
Sensores, actuadores e equipamentos de control utilizados en instalacións domóticas básicas: tipos e características.
Preparación, mecanizado e execución de cadros ou armarios, canalizacións, cables, terminais, empalmes e conexións. Medios e equipamentos
Técnicas de instalación, fixación e conexión de sensores, actuadores e equipamentos de control utilizados en instalacións domóticas básicas.
Instalación e conexión de autómatas programables básicos (relés programables): diagramas de bloques e funcións básicas.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Mantemento de instalacións eléctricas e domóticas.	40

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza operacións auxiliares de mantemento de instalacións eléctricas e/ou domóticas de edificios, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados perseguidos	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse as avarías tipo en instalacións eléctricas en edificios
CA6.2 Identifícaronse as avarías tipo en instalacións domóticas en edificios
CA6.3 Inspeccionouse a instalación comprobando visualmente ou funcionalmente a disfunción
CA6.4 Recoñeceuse o estado da instalación ou dalgún dos seus elementos, efectuando probas funcionais ou medidas eléctricas elementais
CA6.5 Verificouse a ausencia de perigo para a integridade física e para a instalación
CA6.6 Substituíuse o elemento deteriorado ou avariado seguindo o procedemento establecido ou de acordo coas instrucións recibidas
CA6.7 Comprobouse o correcto funcionamento da instalación
CA6.8 Aplicáronse as normas de seguridade e protección ambiental en todas as intervencións de reparación da instalación
CA6.9 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA6.10 Demostrouse responsabilidade ante erros e fracasos
CA6.11 Elaborouse un informe coas operacións realizadas nun documento co formato establecido

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Medición de magnitudes eléctricas: tensión, intensidade, resistencia, continuidade, potencia e resistencia de illamento. Relacións básicas entre as magnitudes eléctricas.</p> <p>Manexo de equipamentos de medida.</p> <p>Avarías tipo en instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domésticas, en vivendas e edificios. Síntomas e efectos.</p> <p>Reparación de avarías: substitución de elementos; técnicas rutineiras de mantemento.</p> <p>Medidas de seguridade e protección.</p>

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Iniciativa emprendedora en instalacións eléctricas.	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das instalacións eléctricas e domésticas	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para as instalacións eléctricas e domésticas
CA5.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas instalacións eléctricas e domésticas
CA5.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas instalacións eléctricas e domésticas

4.7.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora nas instalacións eléctricas e domóticas.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nas instalacións eléctricas e domóticas.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coas instalacións eléctricas e domóticas.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>O Currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Electricidade e Electrónica establece os contidos básicos que se tratan en cada unha das unidades formativas do módulo e se detallan no apartado 4.c da presente Programación Didáctica.</p> <p>Estes contidos serán os exixibles para a avaliación positiva do módulo.</p> <p>En cada unidade didáctica se detallan os criterios de avaliación utilizados e os resultados de aprendizaxe acadados cos contidos desenvolvidos nela.</p> <p>Contidos conceptuais (probos escritos): a nota desta parte será un número entre 1 e 10 e terá un peso dun 40% da nota final de cada avaliación. A nota mínima desta parte para facer media ponderada coa nota da parte correspondente a montaxes, prácticas, traballos propostos e os informes memoria dos traballos, será de 5 puntos.</p> <p>Montaxes, prácticas, traballos propostos e os informes memoria dos traballos (avaliados como Listas de Cotexo, Taboas de observación): a nota desta parte será un número entre 1 e 10 terá un peso do 60% da nota final de cada avaliación.</p> <p>Para aprobar cada avaliación, o alumno debe ter unha nota igual ou superior a 5 puntos, obtida de facer a media ponderada das Probas Escritas (40%) e montaxes, prácticas, traballos propostos e os informes memoria dos traballos (60%). Aínda que a puntuación media obtida anterior sexa igual ou superior a 5, nos casos en que a nota das Probas Escritas de Contidos Conceptuais non acade un valor igual a 5, a avaliación estará suspensa cunha nota final de 4.</p>

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- Alumnado co trimestre non superado: Os alumnos cun trimestre non superado, realizarán unha proba de recuperación que poderá ser unha proba
--

por escrito, unha realización práctica no taller ou unha combinación de ambas.

- Alumnado co módulo pendente: Os alumnos co módulo pendente, realizarán actividades de recuperación subministradas polo profesor e un exame final coincidindo co correspondente á 2ª avaliación sobre os contidos mínimos da programación.
- Alumnado que non superou o módulo: Os alumnos que non acadaron os contidos mínimos ao longo do curso, realizarán unha proba final (100% da nota).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

- Características da proba final:

Esta proba será realizada no mes de xuño, en datas que acorde o departamento de electricidade-electrónica que se anunciarán coa antelación suficiente, publicándoas no taboleiro de anuncios do IES Terra de Trasancos. A proba final poderá ser unha proba por escrito, unha realización práctica no taller ou unha combinación de ambas sobre os contidos mínimos do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase na aplicación www.edu.xunta.es/programacions.

Criterios e instrumentos para o seguimento e valoración :

- Contraste de experiencias entre compañeiros do equipo docente e a reflexión do propio docente sobre a súa experiencia na aula.
- Tempos asignadas ás unidades didácticas
- Grao de utilización e comprensión dos recursos didácticos empregados.
- Valoración dos resultados acadados polos alumnos nas tarefas realizadas
- Actividades programadas: capacidade de motivación do alumnado, claridade, variedade e nivel de consecución dos fins.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na primeira ou primeiras sesións, o profesor fará un estudo inicial das características e coñecementos previos do alumnado, ben mediante unha observación/diálogo espontáneo, ou ben mediante a realización dunha

proba escrita, test/cuestionario escrito.

Será especialmente importante coñecer con estas ferramentas:

- Motivacións do alumno para estudar o ciclo.
- Estudos previos realizados.
- Na medida do posible, entorno socio-familiar que rodea ao alumno.
- Expectativas profesionais ao acabar o ciclo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dadas as diferenzas de aprendizaxe que poden darse entre os alumnos, poñeranse en práctica as seguintes medidas:

- Elaboración de exercicios complementarios, e con distintos niveis de dificultade e profundización, para aqueles alumnos que o precisen.
- Estimulación do traballo en grupo.
- No caso de que existan serias dificultades na aprendizaxe, adaptaranse os instrumentos de avaliación empregados, primando aqueles que fomenten as habilidades prácticas do alumno no contorno de traballo, en detrimento das probas escritas tradicionais, de contido máis teórico.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

En todas as actividades desenvolvidas na aula taller, os contidos específicos do módulo complementarase cos transversais que favorezan a formación integral do alumnado.

- Educación para a saúde: Nas actividades prácticas respetaranse as normas de seguridade e hixiene, e no emprego do ordenador adoptaranse posturas ergonómicas.
- Educación para o respecto do medio ambiente: No estudo de compoñentes e sistemas analizarase o seu impacto medioambiental buscando noticias de actualidade, e as medidas a tomar para o tratamento dos residuos xerados polos desechos de equipos obsoletos: recollida, tratamento adecuado e refugallo se fora o caso.
- Educación para a paz: Fomentaranse actitudes tolerantes e respectuosas entre os compañeiros tanto nos debates como no traballo en equipo, tratando de lograr un ambiente agradable que estimule o estudo.
- Educación para a igualdade entre sexos: as tarefas serán realizadas indistintamente, implicando se fose necesario ás rapazas nas actividades manuais.
- Educación para o consumidor: Os alumnos terán que seleccionar os compoñentes máis axeitados nas súas actividades para o que deberán seguir criterios de aforro, idoneidade, calidade, etc.

Tratarase de crear pautas de conduta trasladables ás situacións da súa vida cotiá.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A comezo de curso só temos data para a asistencia ao Congreso Eduemprende a desenvolver no Pazo da Cultura de Narón o día 3 de Novembro. Pode xurdir tamén algunha visita a empresas ou feiras profesionais, terían como fin tanto o coñecemento dos distintos ámbitos laborais nos que poderán desenvolver as súas capacidades profesionais nun futuro como as últimas tendencias tecnolóxicas no ámbito da tecnoloxía eléctrica-electrónica.

Tamén sería interesante acudir a FP Básica Skills, ao igual que o curso pasado, pero todavía non temos información nin datas previstas para o presente curso.